

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2492 *Real decreto 150/2014, do 7 de marzo, polo que se modifica o Regulamento da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, aprobado polo Real decreto 775/2011, do 3 de xuño.*

A Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, considerou necesario adquirir unha cualificación profesional máis alá da única obtención dunha titulación universitaria, tanto para a consecución do título profesional de avogado -necesario para o desempeño da asistencia letrada naqueles procesos xudiciais e extraxudiciais en que a normativa vixente impoña ou faculte a intervención de avogado e, en todo caso, para prestar asistencia letrada ou asesoramento en dereito utilizando a denominación de avogado-, como para a do título profesional de procurador dos tribunais -imprescindible para asumir a representación procesual das partes nos procesos xudiciais, así como para utilizar tal denominación-.

Este proceso de capacitación profesional adquirese mediante a superación dunha formación especializada, regulada e de carácter oficial, a través da realización de cursos de formación, que incluírán necesariamente un período de prácticas externas, que culmina coa superación dunha avaliación. Esta está dirixida a comprobar se se posúe a formación necesaria para o exercicio das referidas profesións, así como o coñecemento das respectivas normas deontolóxicas e profesionais, e foi obxecto de desenvolvemento regulamentario a través do Real decreto 775/2011, do 3 de xuño, norma que configura a proba en dúas partes, que se realizarán o mesmo día, unha primeira mediante a contestación de preguntas múltiples e outra segunda consistente na resolución dun caso práctico.

Coa finalidade de conseguir un sistema coherente de avaliación da aptitude profesional, que permita valorar con absoluta obxectividade a formación obrigatoria teórico-práctica, que ao mesmo tempo beneficie os aspirantes, permitindo unha maior axilidade na cualificación final e, polo tanto, na obtención dos títulos necesarios para exercer a profesión, e comportando os menores custos posibles, considerouse oportuno substituír o formato da proba con dúas partes por unha única proba escrita de contestacións ou respostas múltiples con preguntas teóricas e supostos prácticos sobre situacións reais ás cales se van enfrontar os futuros avogados e procuradores. Con iso garántese que a expedición dos títulos profesionais se basee na suficiencia dos coñecementos, das aptitudes e das competencias dos postulantes.

Considerouse oportuno, así mesmo, reconsiderar as porcentaxes de ponderación entre a cualificación obtida no curso de formación e a obtida na avaliación final, de maneira que esta non sexa o único medio de avaliación, senón que tal e como se expresou con anterioridade, forme parte dun conxunto de avaliacións sucesivas no período de formación teórico-práctica que garanta que os futuros avogados e procuradores adquiriron os coñecementos necesarios que os prepare para o exercicio desas profesións.

A modificación que se realiza mediante este real decreto resulta necesaria co obxecto de deseñar un formato máis idóneo e válido para acreditar a cualificación e as competencias profesionais para o exercicio da profesión de avogado ou de procurador dos tribunais. Malia o anterior, este cambio, que serve para dar solución aos problemas actualmente formulados, deberase completar no futuro, co fin de mellorar os actuais sistemas de acreditación para o exercicio dos novos profesionais e garantir a súa cualificación e empregabilidade, a supresión de barreiras inxustificadas e a mellora do acceso a estas profesións, así como a adaptación á Directiva 2013/55/UE, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, dando cumprimento ademais ás recomendacións da Unión Europea.

Este real decreto dítase ao abeiro das mesmas competencias do Estado que fundamentan a Lei 34/2006, do 30 de outubro, e de conformidade co disposto na disposición derradeira segunda da dita norma, que faculta o Goberno, os ministerios de Xustiza e de Educación e o resto de departamentos ministeriais competentes para ditaren cantas disposicións regulamentarias foren necesarias para o seu desenvolvemento e execución. Na súa tramitación foron consultados o Consello Xeral da Avogacía Española, o Consello Xeral de Procuradores dos Tribunais de España, o Consello de Universidades, a Conferencia Xeral de Política Universitaria e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Polo anterior, por proposta dos ministros de Xustiza e de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de marzo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 775/2011, do 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais.*

O Real decreto 775/2011, do 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, queda modificado como segue:

Un. O número 3 do artigo 17 queda redactado do seguinte xeito:

«3. A avaliación consistirá nunha proba escrita obxectiva de contido teórico-práctico con contestacións ou respostas múltiples.»

Dous. Os números 2 e 3 do artigo 20 quedan redactados do seguinte xeito:

«2. A cualificación final resultará da media ponderada entre o 70 % da obtida na avaliación e o 30 % da nota obtida no curso de formación regulada no artigo 4.

3. Cada aspirante recibirá a cualificación de forma individualizada e anónima.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de marzo de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN